

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 26 de decembro de 2018 pola que se resolve a convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2018/19.

Mediante a Orde do 20 de agosto de 2018 (DOG do 5 de setembro) a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou unha convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2018/19.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a súa resolución definitiva, indicando para cada modalidade a relación de centros beneficiarios das axudas e a contía, de conformidade co previsto no artigo 11 da devandita orde.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVO:

Primeiro. Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2018/19, os 8 novos centros privados concertados seleccionados, que se relacionan no anexo I-A, coa concesión das axudas que se sinalan.

Segundo. Conceder as contías que se detallan nos anexos I-B e I-C aos centros privados concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares ao abeiro das convocatorias deste programa correspondentes aos anos 2017 e 2016, respectivamente, revisadas as memorias de actividades desenvolvidas durante o ano académico 2017/18, así como as liñas prioritarias de actuación presentadas para o curso 2018/19.

Terceiro. Da mesma forma, conceder as contías que se sinalan no anexo II aos centros que solicitaron, en tempo e forma, axudas na modalidade de Clubs de lectura.

Cuarto. Conceder as axudas que se sinalan no anexo III aos centros seleccionados na modalidade denominada Radio na biblio.



Quinto. Así mesmo, conceder as contías detalladas no anexo IV aos centros solicitantes, en tempo e forma, de axudas na modalidade Biblioteca inclusiva.

Sexto. Asignar, por un importe total de 122.220 € as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a apoiar os procesos de transformación das bibliotecas en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, favorecer as actividades de fomento da lectura e de educación no acceso e uso da información; favorecer a creación de laboratorios de radio vinculados á bibliotecas xa integradas no Plan de mellora e facilitar avances cara a unha biblioteca inclusiva, de acordo cos proxectos e liñas prioritarias de actuación presentadas.

Sétimo. Os gastos realizados xustificaranse segundo o previsto no punto 2 do artigo décimo segundo da Orde de 20 de agosto de 2018, antes do 10 de xuño de 2019. Con ese mesmo límite de datas, deberá cubrirse o formulario, se é o caso, e entregarse as memorias correspondentes ás distintas liñas de axuda recibida, segundo o previsto no artigo 13 da orde de convocatoria. O acceso ao formulario web para os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, a que se fai referencia no punto 1.1 do devandito artigo da Orde do 20 de agosto, seralle remitido desde a unidade de seguimento destes programas (Asesoría de Bibliotecas escolares).

Oitavo. A non entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das axudas concedidas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Noveno. Tanto a inspección educativa como as persoas responsables en materia de bibliotecas escolares da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderán supervisar e avaliar o funcionamento das bibliotecas adscritas ao Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Décimo. Tal e como se recolle no artigo 19 da orde de convocatoria, a participación do profesorado implicado no programa de innovación educativa denominado Plan de mellora de bibliotecas escolares, en calidade de responsable da biblioteca escolar, con funcións de coordinación do equipo de apoio á biblioteca, e pola especial dedicación que require, recibirá unha certificación de innovación, equivalente a 30 horas de formación do profesorado por ano académico, ao abeiro do artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013 pola que



se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia.

Décimo primeiro. Os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares en virtude desta convocatoria están obrigados a integrar o logo oficial deste programa nos seus espazos web e nos documentos que difundan actividades da biblioteca escolar, para o que lles será remitido o correspondente arquivo desde a unidade de seguimento do programa. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descrición mínima da biblioteca escolar, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.

Contra esta Orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de acordo cos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018

Carmen Pomar Tojo
 Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I-A

Centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares na convocatoria de 2018. Artigo 16, punto 2.a), da Orde do 20 de agosto de 2018

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2018				Ano 2019				Total
				Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2018	Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	Coruña (A)	1.000	400	100	1.500	2.000	800	200	3.000	4.500
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	Coruña (A)	1.000	400	100	1.500	2.000	800	200	3.000	4.500
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	Coruña (A)	1.000	400	100	1.500	2.000	800	200	3.000	4.500
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	Coruña (A)	1.200	550	100	1.850	2.400	1.100	200	3.700	5.550



Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2018				Ano 2019				Total
				Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2018	Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	1.300	600	100	2.000	2.600	1.200	200	4.000	6.000
36018847	CEEPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	1.400	600	100	2.100	2.800	1.200	200	4.200	6.300
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Augalonga	Vigo	Pontevedra	1.400	600	100	2.100	2.800	1.200	200	4.200	6.300
36011351	CPR San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	1.100	500	100	1.700	2.200	1.000	200	3.400	5.100

ANEXO I-B
**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE en 2017.
Artigo 16, punto 2.b), da Orde do 20 de agosto de 2018**

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2018				Ano 2019				Total
				Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2018	Fondos	Mobil. equipam.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	Coruña (A)	Coruña (A)	1.200	650	100	1.950	2.400	1.300	200	3.900	5.850
15007230	CPR Ntra.Sra. del Carmen	Fisterra	Coruña (A)	1.000	450	100	1.550	2.000	900	200	3.100	4.650
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	Coruña (A)	1.000	450	100	1.550	2.000	900	200	3.100	4.650
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	Coruña (A)	1.400	650	100	2.150	2.800	1.300	200	4.300	6.450
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar (O)	Ourense	900	350	100	1.350	1.800	700	200	2.700	4.050
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	1.100	450	100	1.650	2.200	900	200	3.300	4.950

ANEXO I-C
**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE en 2016
Artigo 16, punto 2.c), da Orde do 20 de agosto de 2018**

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2018	Ano 2019	Total
				Fondos	Fondos	
15000600	CPR Ntra. Sra. del Rosario	Arzúa	Coruña (A)	400	800	1.200
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	Coruña (A)	Coruña (A)	700	1.400	2.100
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña (A)	Coruña (A)	700	1.400	2.100
15006481	CPR Plurilingüe Compañía de María	Ferrol	Coruña (A)	400	800	1.200
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	Coruña (A)	600	1.200	1.800
15010071	CPR Jorge Juan	Narón	Coruña (A)	600	1.200	1.800



Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2018	Ano 2019	Total
				Fondos	Fondos	
32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Verín	Ourense	400	800	1.200
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	700	1.400	2.100
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño (O)	Pontevedra	400	800	1.200
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	650	1.300	1.950

ANEXO II
Clubs de lectura - concertados.
Artigo 21, punto 1, da Orde do 20 de agosto de 2018

Código	Centro	Concello	Provincia	2018	2019	Total
				Fondos Club	Fondos Club	
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña (A)	Coruña (A)	500	1.000	1.500
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	Coruña (A)	300	600	900
15006420	CPR Plurilingüe La Salle	Ferrol	Coruña (A)	300	600	900
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	Coruña (A)	300	600	900
27007211	CPR Plurilingüe Fundación Educativa Torre de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo	300	600	900
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	500	1.000	1.500
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	400	800	1.200
36010976	CPR Plurilingüe Compañía de María	Vigo	Pontevedra	300	600	900
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	300	600	900
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200

ANEXO III
Radio na biblio- concertados.
Artigo 24, punto 3, da Orde do 20 de agosto de 2018

Código	Centro	Concello	Provincia	2018			2019			Total
				Equipos emisora	Formación	Total 2018	Equipos emisora	Formación	Total 2019	
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	Coruña (A)	400	240	640	800	480	1.280	1.920
15010071	CPR Jorge Juan	Narón	Coruña (A)	400	240	640	800	480	1.280	1.920
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	Coruña (A)	400	240	640	800	480	1.280	1.920
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	400	240	640	800	480	1.280	1.920
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	400	240	640	800	480	1.280	1.920



ANEXO IV
Biblioteca inclusiva. Artigo 29, punto 2, da Orde do 20 de agosto de 2018

Código	Centro	Concello	Provincia	2018	2019	Total
				Biblioteca inclusiva	Biblioteca inclusiva	
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	Coruña (A)	Coruña (A)	670	1.340	2.010
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	Coruña (A)	500	1.000	1.500
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña (A)	Coruña (A)	670	1.340	2.010
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	Coruña (A)	500	1.000	1.500
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	500	1.000	1.500
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño (O)	Pontevedra	600	1.200	1.800
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	500	1.000	1.500

